

SEISTAG *



NOTA DE PRENSA PROXECTO SOFOR 4.0 (2016)

MODELO DE NEGOCIO INNOVADOR
APOIADO NA FIGURA DAS SOFOR E
ADAPTADO Á ESTRUCTURA DA
PROPIEDAD E COMPETITIVIDADE
DO MONTE GALEGO

SOFOR 4.0



Venres 21 de xaneiro do 2017.

O venres 21 de xaneiro preséntase na sede de SEISTAG en Bertamiráns (Rueiro Nº 17 Baixo) os avances do proxecto “*Modelo de negocio innovador apoiado na figura das SOFOR e adaptado á estrutura da propiedade e competitividade do monte galego*” **SOFOR 4.0**.

Este proxecto está sendo executado por SEISTAG S.L., CERNA Ingeniería S.L.P. e FORESCULTURA. Conta coa colaboración da Unidade de Xestión Forestal Sostible (UXFS) da USC e ten por obxectivo principal o **desenvolvemento de coñecemento e tecnoloxía para contribuir á modernización da cadea monte-industria en Galicia** mediante a **xestión conxunta dos propietarios forestais e a súa integración** nas fases de aproveitamento, comercialización e transformación forestal a través da figura do mediador forestal.

SOFOR 4.0 desenvolve un novo modelo de negocio forestal apoiado nas fortalezas do sector forestal galego e intentando resolver as súas debilidades a través da **actuación nos eixes horizontal** (mediante a agrupación de propietarios forestais nas SOFOR) e **vertical** (realizando unha integración vertical entre os distintos eslabóns da cadea de valor). Trátase en definitiva de conectar a demanda, a capacidade de transformación e a propiedade, de forma eficaz e transparente para **gañar competitividade**.

Trátase dun programa de traballo que implica a tres empresas cunha inversión total de 528.572,16 €. O traballo conta co apoio da Axencia Galega de Innovación que aporta o 50% dos custes a través do programa conectaPEME. A execución deste proxecto iniciouse en marzo de 2016 e rematará en novembro de 2018.

Para o desenvolvemento dun modelo innovador no monte galego, desde unha perspectiva de xestión conxunta e integradora, estanse a realizar actuacións ao longo de toda a cadea forestal que respecte o valor de cada eslabón e potencie a colaboración entre os diferentes actores. Neste sentido estanse a desenvolver **ferramentas informáticas** que permitirán **mellorar a xestión forestal e apoiar a toma de decisións, reducindo costes e optimizando os recursos**.

O proxecto SOFOR é impulsado por tres **empresas**

SEISTAG

É unha enxeñería ubicada en Bertamiráns (Ames, A Coruña). A súa actividade concéntrase no ámbito do aprovetamento dos recursos endóxeos. Colabora con numerosas empresas, centros tecnolóxicos e universidades para desenvolver novos produtos con maior valor engadido, mellorar a competitividade de procesos de transformación e impulsar o desenvolvemento industrial a nivel local aproveitando o potencial do mercado internacional. A empresa conta con ampla experiencia en innovación a nivel autonómico, nacional e Europeo.

CERNA

É unha enxeñería con sede central en Lugo. A súa actividade concéntrase no ámbito da xestión, certificación e cadea de custodia forestal. Actualmente xestion amáis de 14.000 ha desenvolvendo a súa actividade tanto en España como en Portugal. Como resultado da súa prolongada colaboración coa Universidade, a empresa conta con un elevado perfil a nivel de cualificación personal e de ferramentas TIC.

FORESCULTURA

É unha empresa de servizos agrarios e forestais ubicada en Padrón (A Coruña). A súa actividade principal é a realización de podas, rareos, cortas e sacas de madeira no monte. É fornecedor das empresas máis esixentes de Galicia como son FENOSA ou ENCE. Conta con estritos protocolos de seguridade así como con ferramentas propias para o control e seguimento interno.

Durante 2016 os socios do proxecto SOFOR traballaron en dous ámbitos diferenciados, amolos dous vinculados ao desenvolvemento de ferramentas TIC e coñecemento:

1. Definiuse un modelo de datos capaz de soportar o desenvolvemento de diferentes tipos de aplicacións informáticas orientadas a simplificar e reducir erros nos procesos de certificación, e xestión forestal.
2. Validáronse sistemas de control de produtividade en monte sobre parcelas de reducido tamaño co obxectivo de valorar o aumento de eficiencia vinculado á agrupación de fincas.